

## Acta da Comisión Permanente do día 10 de setembro de 2020

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 10/09/2020.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 10/09/2020.
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.
- IV. Documentación relativa ao punto 5 da orde do día.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

### 1 Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 15 de xullo de 2020 e extraordinaria celebrada o 30 de xullo de 2020.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das dúas sesións anteriores.

### 2 Informe da Presidenta.

A Presidenta comenta que, na última sesión da Comisión Permanente, aprobouse o Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro. Este foi remitido ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da universidade que o achegou incluíndo unhas propostas de correccións causadas pola modificación do plan xeral da universidade. A Directora do centro trasladoulles varias dúbidas pero aínda non achegaron as respostas polo que propón retirar o punto 4 da orde do día.

A continuación lembra que nos próximos días dará comezo o curso, con docencia 100% presencial, e informa dos datos actualizados de nova matrícula (37 no GEE e 2 no GERME). Sinala que veñen de celebrarse 3 sesións de información ao alumnado de segundo, terceiro e cuarto cursos relativas ao protocolo COVID; o próximo día 17 terán lugar dúas sesións informativas para o alumnado de primeiro curso.

### 3 Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.

A Presidenta comenta a proposta de tribunais de TFG (Anexo III); trátase dunha convocatoria habilitada como consecuencia das medidas COVID e correspondente ao curso 2019/2020.

Cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, que comenta que hai 5 traballos do GEE e 4 do GERME. Sinala que xa está confirmada a

dispoñibilidade de case todas as persoas que compoñen os tribunais e que se fixo un cambio de data e lugar respecto ao documento enviado previamente.

Apróbase a proposta por asentimento delegando na Directora a designación de substitutos en caso de que sexa necesario.

#### **4 Aprobación, se procede, do Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro.**

A Presidenta retira este punto polos motivos indicados no seu informe e propón pospelo á próxima sesión da comisión.

#### **5 Asuntos de trámite.**

Presentouse unha solicitude de defensa de TFG sen a autorización dos titores, xa que estes emitiron informe desfavorable. A Presidenta le á solicitude do alumno, o artigo do regulamento para a realización do TFG no que se basea, os informes dos titores e outra documentación complementaria que se lles requiriu: o informe moi detallado dos titores incluíndo un rexistro de todo o proceso seguido e as carencias do traballo desenvolvido. Aclara que, ademais, dispónse do póster e da memoria presentada polo alumno e que foron revisados os documentos.

A Presidenta traslada a súa valoración do expediente, que se sinala nos seguintes parágrafos:

- Non se identifica ningún problema en relación á comunicación do alumno cos titores. Debido ao peche das instalacións do centro desde o mes de marzo non se puido realizar a titorización presencial, pero si se mantivo de forma constante a comunicación entre alumno e titores de forma non presencial. Este feito é constatado no seu escrito polo alumno. En base aos datos dispoñibles, non se xustifica a imposibilidade dunha axeitada titorización en modalidade non presencial, que é un dos argumentos da solicitude.
- En canto ás dúbidas plantexadas polo alumno sobre a capacidade de titorización dunha titora polo seu ámbito de traballo, cabe sinalar que tanto as metodoloxías como as ferramentas que se empregan para o desenvolvemento do TFG son propias da área de coñecemento na que se enmarca o traballo, a área de Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría, sendo aplicables a numerosos ámbitos na enxeñaría, entre elas a enxeñaría forestal e enxeñaría de minas.
- Sobre o cumprimento dos prazos establecidos, o traballo de titorización desenvolveuse axeitadamente desde outubro de 2019 ata a data actual en base á información e evidencias proporcionadas polos titores, polo que se considera que a valoración que fan os dous titores sobre a emisión do informe desfavorable para a defensa do TFG está debidamente xustificada.



Ábrese unha quenda de intervencións. Tras o debate a Presidenta propón votación sobre a solicitude en base aos argumentos anteriormente sinalados. O resultado da votación é o seguinte:

- A favor de non autorizar a defensa: 12
- En contra de non autorizar a defensa: 1

Polo tanto, denégase a solicitude do alumno para a defensa do TFG.

## 6 Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 36 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dez de setembro de dous mil vinte.

Vº e Prace  
A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 10/09/2020**



## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o xoves 10 de setembro de 2020, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 15 de xullo de 2020 e extraordinaria celebrada o 30 de xullo de 2020.
2. Informe da Presidenta.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.
4. Aprobación, se procede, do Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro.
5. Asuntos de trámite.
6. Rogos e preguntas.

Vigo, 3 de setembro de 2020  
O Secretario

Guillermo García Lomba

(\* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA**





## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 10/09/2020**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 10 de setembro de 2020</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
María Araújo Fernández
<b>Profesorado</b>
Pedro Arias Sánchez
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
<b>Estudantes</b>
Marta Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
Belén Parente Artime
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez



### ANEXO III

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa  
nesta vindeira convocatoria**





## ANEXO IV

### Documentación relativa ao punto 5 da orde do día